

VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 13-09-2023, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN ALUGUER CASA REITORAL DE CACHEIRAS. EXPDTE. 2023/X999/000476.

EXPEDIENTE: 2023/G003/001116

Visto o expediente de contratación incoado a instancia desta Alcaldía, mediante Resolución de 2 de agosto de 2023 (nº 944/2023), para o alugueiro de parte do inmovible que se describe a continuación, para a realización da actividade docente do CRA de Teo:

- Localización: lugar da Igrexa nº 15, 15883 Teo
- Identificación do propietario: Igrexa
- Superficie útil: 496,30 m²
- Referencia catastral: 001204200NH34B000JI
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: Tomo: 961, Libro: 374, Folio: 19, inscrición 1ª, Fecha: 13 de marzo de 2020

Do inmovible citado as estancias que se pretenden alugar concréntanse en dúas salas da planta baixa, que actuarán de aulas (unha estancia de 37 m² (aula 1), á que se accede dende o hall de entrada, e unha estancia de 53 m² (aula 2), á que se accede dende o distribuidor e da á parte posterior do edificio), a parte posterior con acceso dende o distribuidor principal que será destinada a patio descuberto (de 57 m²), e os baños, un para cada sexo e un terceiro para persoas con mobilidade reducida (28 m²).

Aprobado o expediente de contratación, mediante Resolución desta Alcaldía de 7 de setembro de 2023 (nº 1066/2023), e remitida invitación ao propietario do inmovible que se pretende alugar (rex. saída nº 202300000002126).

Visto que a proposición e documentación complementaria aportadas polo propietario do inmovible, con data de 12 de setembro de 2023 (rex. entrada nº 202399900002775), axústase ao previsto no Prego de condicións.

Verificado de oficio, de acordo co previsto no Prego de condicións (cl. 5) h)), que o propietario do inmovible atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Teo, tal e como se desprende do informe de Tesourería de 8 de setembro de 2023 incorporado ao expediente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á concertar de forma directa o alugueiro do inmovible en cuestión.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Alugar ao Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, a parte da Casa Reitoral de Cacheiras que se describe no presente, para a realización da actividade docente polo CRA de Teo, de acordo co Prego de condicións aprobado mediante Resolución desta Alcaldía do 7 de setembro de 2023 (1066/2023), polo prezo mensual, IVE engadido, de oitocentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos de euro (822,96 €).

Segundo.- De acordo co previsto no Prego de condicións o prezo aboarase por meses vencidos, previa presentación do recibo da mensualidade por parte do arrendador.

Terceiro.- A formalización do alugueiro do inmovible producirase coa subscripción do correspondente contrato, en documento administrativo, que se efectuará dentro dos

cinco días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación. O adxudicatario deberá concorrer para a subscripción do contrato no día e hora que sinale o Concello de Teo previo requirimento municipal a tal fin. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Cuarto.- Notificar o presente ao adxudicatario e comunicarlo á Intervención e a Tesourería municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Quinto.- Facer público o contido da presente na web municipal

Sexto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo, asinado na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral,

Virginia Fraga Díaz

Vº e Praxe
A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz